

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE GUÍAS DE TURISMO DE GALICIA PARA A PROFESIONALIZACIÓN, ADAPTACIÓN Á NOVA DEMANDA E COMERCIALIZACIÓN DE NOVOS PRODUTOS DO COLECTIVO DE GUÍAS DE TURISMO.

Santiago de Compostela,

### REUNIDOS

Dunha parte, D<sup>a</sup>. María Nava Castro Domínguez, directora da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 120/2020, do 10 de setembro (DOG núm. 185, do 11 de setembro), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra, D. Sebastián Tommi Alvarellos Laine, actuando en nome e representación **Asociación Profesional de Guías de Turismo de Galicia**, CIF G15137474, en calidade de presidente.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



**Segundo.-** Que a Asociación Profesional de Guías de Turismo (en diante APITgalicia) é unha entidade sen ánimo de lucro constituída no ano 1977 tendo como fin a representación, defensa e promoción dos intereses sociais, económicos, profesionais, culturais e de formación dos seus afiliados (artigo 6 dos seus estatutos).

APITgalicia é nestes momentos a única asociación profesional que defende en exclusiva os intereses dos guías de turismo en Galicia. Forma parte da federación estatal CEFAPIT e, a través desta, dos organismos europeos FEG e mundial WFTGA.

**Terceiro.-** Que a crise xerada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico. Así mesmo debe considerarse o impacto que tivo – e segue tendo- o estalido da pandemia de coronavirus no sector turístico en xeral e na intermediación turística en particular. O impacto económico, as continuas restricións nos desprazamentos e aforos, fixeron perder ao sector dos guías de turismo de Galicia a confianza nunha pronta recuperación do sector tendo en conta, entre outras cousas, a marcada estacionalidade do turismo en Galicia. Ante esta situación, a Xunta de Galicia quere fomentar a profesionalización continua dos guías oficiais de turismo co fin de consolidar unha oferta turística de calidade, como un referente da imaxe de Galicia a nivel global e cun gran valor estratéxico na economía galega.

**Cuarto.-** A Asociación Profesional de Guías de Turismo de Galicia (APITgalicia) precisa un plan de actuación para o desenvolvemento e implementación dunha serie de medidas que fomenten un colectivo máis forte, máis profesional e preparado para os novos tempos e novos mercados que están a xurdir nesta nova era dixital e globalizada. As medidas clasificaranse en dous eixos fundamentais:

**EIXO\_1. Creación de produto para pequenas localidades nos Camiños de Santiago.** Co fin de incentivar a creación de produto turístico propio, facilitar a creación de empresas turísticas, fomentar as actividades fora do círculo ou contribuír e aumentar a oferta lúdico-cultural de pequenas vilas ou dos peregrinos na fin da etapa diaria, propónse un concurso de ideas subvencionables e que deberan ser desenvolvidas polos propios guías. O produto deberá estar pensado para localidades con menos de 50.000 habitantes e terán prioridade todos aqueles Guías de Turismo de Galicia que non puideron beneficiarse dos plans de axudas directas das



distintas administracións ou non recibiran axudas en convocatorias anteriores como o programa DISFRUTA DEL CAMINO.

**EIXO\_2. II Plan de formación para a profesionalización, especialización e adaptación ás novas tendencias do mercado turístico.** Un guía formado e especializado é garantía de éxito e garantía de futuro. Este EIXO\_2 contemplará as seguintes accións:

➤ ACCIÓN\_1 Programa de continuidade na formación, especialización e formación nos eidos de:

o Adaptación á axenda 2030:

- TURISMO INCLUSIVO. Formación para facer visitas e adaptalas a todo tipo de discapacidades.
- TURISMO SOSTIBLE e adaptación a nova realidade.
- TURISMO UNIVERSAL e RESPETUOSO e loitar contra a Turismofobia.

o Formación e adaptación ás novas tecnoloxías, novas ferramentas e modos de comercialización.

➤ ACCIÓN\_2 Organización dun simposio nacional sobre novas técnicas de guiado e adaptación aos novos mercados: presente, pasado e futuro dunha profesión vocacional.

➤ ACCIÓN\_3 Xestión e mantemento: mantemento e actualización da plataforma virtual *INSTITUTO PARA A PROFESIONALIZACIÓN DO GUÍA DE TURISMO (IPGT)* e integración das accións na mesma, nas redes sociais e web incluído dirección e xestión das accións 1, 2 e 3.

Por este motivo resulta de interese público para o turismo de Galicia a participación e apoio nas accións obxecto do presente convenio, como medidas encamiñadas á reactivación do sector turístico fronte aos efectos derivados da crise sanitaria provocada pola COVID-19. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto



do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a citada Asociación a única entidade que poden desenvolver o seu obxecto ao tratarse do único organismo existente en Galicia que aglutina exclusivamente ao colectivo dos guías de turismo.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e APITgalicia para a profesionalización, a adaptación á nova demanda e comercialización de novos produtos do colectivo de guías de turismo, que será levado a cabo a través de dous eixos fundamentais:

EIXO\_1. Creación de produto para pequenas localidades nos Camiños de Santiago.

EIXO\_2. II Plan de formación para a profesionalización, especialización e adaptación ás novas tendencias do mercado turístico.

### Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula anterior ascende a 50.000,00€ (con IVE incluído) que se distribúen do seguinte xeito:

#### **EIXO 1. Creación de produto para pequenas localidades nos Camiños de Santiago: .15.000 €**

- 10 PREMIOS RESULTANTES DO CONCURSO (1000,00x 10): 10.000,00€
- XESTION, PUBLICIDADE E CONVOCATORIA DO CONCURSO: 5.000,00€

**EIXO 2. II Plan de formación para a profesionalización, especialización e adaptación ás novas tendencias do mercado turístico: 35.000 €**



- FORMACIÓNS PRESENCIAIS: DOCENTES, ALUGUER DE SALAS, ACTIVIDADES DE CAMPO: 12.000,00€
- SIMPOSIO NACIONAL: DOCENTES, DESPRAZAMENTOS E ALOXAMENTOS, ALUGUER DE SALAS E GASTOS DE ORGANIZACIÓN: 18.000,00€
- XESTIÓN E COORDINACIÓN, PUBLICIDADE E LOXÍSTICA: 5.000,00€

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará a contía de 50.000 €, sen que APITgalicia obteña beneficio ou lucro coa mesma.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.781.0, 2015 00005, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2022, a favor de APITgalicia unha vez que esta entidade achegue a documentación xustificativa disposta no presente convenio.

### **Terceira.- Compromisos das partes**

1. APITgalicia queda obrigada á celebración das referidas actuacións, e a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente. Comprometéndose a:

-Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.

- Incluir en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración a marca do Xacobeo 2021.22, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 104/2021, do 24 de xuño, polo que se aproba a actualización do Manual de Identidade gráfica Xacobeo 2021-22 (DOG núm. 132, do 13 de xullo de 2021).

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan



pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

-Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.”

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula segunda.

#### **Cuarta.- Compatibilidade.**

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Quinta.- Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o



obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia. APITgalicia será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

### **Sexta.- Xustificación e pagamento**

1. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve e conterá con carácter xeral coa seguinte documentación:

-Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

-Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:

a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.



f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.

g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

h) Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten as obrigas de publicidade establecidas no presente convenio.

Por outro lado, APITgalicia deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

2. A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total.

A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.



3. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado previsto na presente cláusula, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

4. Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a entidade beneficiaria, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se **teñan efectuado desde o 1 de xaneiro de 2022**.

5. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

7. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **15 de decembro de 2022**.

8. O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio.

#### **Sétima.- Pagamentos anticipados e a conta**

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario obxecto deste convenio, por importe do 50% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, ao abeiro do disposto no artigo 63.1.Dous do



Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a Asociación deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, de conformidade co disposto no citado artigo 62.

Para a realización dos pagamentos a conta e anticipados deberá prestarse garantía que cubra o 110% do importe das cantidades pagadas a conta e anticipadas, ao abeiro do disposto no artigo 67 do devandito Regulamento. En todo caso quedarán exentos de garantía os pagamentos a conta e anticipados que non superen no seu conxunto os 18.000€, de conformidade co artigo 65.4.i).

#### **Oitava.- Subcontratación.**

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A Asociación Profesional de Guías de Turismo de Galicia será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste



convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

### **Novena.- Comisión de seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.



Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

### **Décima.- Modificacións e resolución do convenio**

I. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

II. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

### **Décimo primeira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente**

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.



Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

#### **Décimo segunda.- Publicidade e rexistro do convenio**

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederáase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

#### **Décimo terceira.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio**

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.



#### **Décimo cuarta.- Protección de datos persoais**

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

#### **Décimo quinta.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

#### **Décimo sexta.- Vixencia**

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o **31 de decembro de 2022**.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes asinan o presente convenio.



Pola Axencia Turismo de Galicia

Por APITgalicia

A directora

O presidente

M<sup>a</sup> Nava Castro Domínguez

Sebastián Tommi Alvarellos Laine

